

Ondas de ilusións

- escolas do mar -



Biodiversidade das rías e recursos pesqueiros



Visita escolar primaria (7-11 anos)

Descubre a costa xunto cun biólogo mariño e observa a multitude de aves e de animais, plantas e algas que alí viven. Coñece ás mariscadoras que recollen o marisco da Ría.

A ría é un dos posibles accidentes xeográficos que forma a desembocadura dun río no mar ou océano. É un gran estuario formado a partir dun val costeiro mergullado. Son entornos que reciben por un lado a influencia das augas salgadas do mar e por outro lado as augas doces dos ríos. Os aportes de sedimento por medio dos cauces de auga doce e polo efecto das mareas, fai que as rías teñan tendencia a sufrir procesos naturais de formación de bancos de area e sedimentos, fenómeno coñecido como colmatación.

As rías son zonas de gran biodiversidade e nelas viven moitísimas especies de peixes, moluscos e crustáceos. Os fondos das rías están tapizados por algas e plantas mariñas que sirven como refuxio e alimento. As ribeiras das rías reciben cada ano centos de miles de aves que paran nas costas do Golfo Ártabro durante as súas migracións. As rías son espazos naturais de vital importancia e o mesmo tempo entornos moi sensibles os impactos humanos.

Galicia ten un total de dezanove rías, o que fai da nosa costa un lugar único en Europa, e supón unha enorme riqueza pesqueira e turística. No territorio do Golfo Ártabro temos catro rías: A Coruña, Betanzos, Ares e o Ferrol, todas elas bañadas polo océano Atlántico.

Biodiversidade das rías e recursos pesqueiros

Unha ría é unha zona da costa onde se xuntan as augas salgadas do mar e doces do río. Son zonas naturais onde viven multitude de aves, peixes, mariscos e outros animais.

1.- ¿Cal das Rías do Golfo Ártabro Norte coñeciches na visita?

2.- Ponlle o nome correcto a cada un dos seguintes animais que podes encontrar nas Rías: nécora, sargo, corvo mariño, ameixoa e polbo.



3.- Indica o nome dunha especie de alga e outra dunha herba mariña que podes atopar na ría

As Rías proporcionan importantes recursos para o ser humano. Nunha dieta sana e equilibrada debemos consumir peixe dúas veces por semana. O peixe e o marisco que comes na casa, cóllese nas Rías do Golfo Ártabro Norte e é unha importante fonte de alimentos.

4.- ¿Que nome recibe a profesión das xentes que recollen o marisco das Rías?



Recorda que as Rías son espazos naturais moi sensibles ao impacto humano. Evita tirar o lixo no chan, moitos animais mariños confunden os plásticos con comida e podes causarlle a morte. Conservar a natureza da costa de A Mariña- Ortegá é importante para que todos poidamos disfrutar dela.